



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de decembro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte minutos do día trinta de decembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1135).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1136).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ORDINARIO COA FINALIDADE DE REALIZAR A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE SOFTWARE DESENVOLVIDO INTERNAMENTE (2020-25)”. EXPTE. 8952/113.

Visto o informe xurídico de data 20/12/19 e o informe de fiscalización do 26/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, o xefe da Área de Benestar Social, a directora de Ingresos, a

concelleira-delegada de Política Social, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 07/10/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para a “Contratación do servizo de mantemento de software desenvolvido internamente (2020-25)”

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 07/10/2019 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 11/12/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 11/12/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 13/12/2019 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 19/12/2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos



Concello de Vigo

termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 07/10/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto de regulación harmonizada e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a “Contratación do servizo de mantemento de software desenvolvido internamente (2020-25)”

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 19/12/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 11/12/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de **120.000,00 €**, que inclúe un IVE de **20.826,44 €**, dende o 1 de marzo de 2020, o cal se imputará ás seguintes partidas:

Partida	Importe (con iva)
9207.2279902 Mantemento Software	70.000 €
2310.2279900 Estudos e traballos técnicos-Área de Benestar Social	30.000 €
9320-2279900 Estudos e traballos técnicos-Xestión de Ingresos	20.000 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1137).- BASES E A CONVOCATORIA DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020”. EXPTE. 194514/301.

Visto o informe xurídico de data 19/12/19 e o informe de fiscalización do 27/12/19, dáse conta do informe-proposta do 17/12/19, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

I. A Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, mediante Resolución de data 02.12.2019 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos so-



Concello de Vigo

ciais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social. Lémbrese, ademais, que este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

IV. Abeirase o seu procedemento de concesión en razóns de interese público, social e humanitario (Arts. 22.2.c) LXS, 19.4.c) LSG, 67 RD.887/2006, Base nº 38 das de execución dos orzamentos municipais e ccdtes.). O outorgamento destas axudas sociais de emerxencia realizarase necesariamente de forma individualizada, previa valoración profesional das traballadoras sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricte suxeición ás Bases reitoras do Programa, que se desenvolve no marco xurídico definido pola normativa estatal (L.38/2003, RD.887/2006) e autonómica (L.9/2007) de subvencións públicas e polas Bases de execución do orzamento xeral municipal.

V. O contido deste Programa para 2020 é moi semellante ó dos exercicios anteriores, introducíndose unicamente pequenas modificacións na Base quinta, pfo. 2º e na Base sétima, último pfo. Dentro das *axudas para adaptación dos fogares* inclúense agora, ademais das destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas, os arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación.

Por outra banda, para evitar posibles interpretacións diverxentes, aclárase na táboa da Base sétima, apdo. 2º, que a contía máxima das axudas por todos os conceptos vén referida ós últimos 12 meses (antes: "MÁXIMO ANUAL POR TODOS OS CONCEPTOS"; agora: "MÁXIMO DOS ÚLTIMOS DOCE MESES POR TODOS OS CONCEPTOS"). Increméntanse tamén as contías máximas mensuais en concepto de alimentos e alugueres.

VI. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación 480.00.00 "*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios*" (922.000 €) e tamen no funcional 2310 de Benestar Social cóntase coa nº 2310.780.00.00, destinada a "*Melloras en fogares*" (50.000 €), con cargo á que se veñen concedendo axudas para a adaptación dos fogares.

VII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 194514-301).

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 922.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00, para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2020 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares, arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación.

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020»

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo co Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LR-BRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).



Concello de Vigo

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Dísp. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2020, no marco xurídico definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

Durante o exercicio de 2019 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 560.707,23 €, co seguinte detalle (datos a 30.11.2019):

IMPORTES	CONCEPTOS
235.239,94 €	ALUGUER + ALOXAMENTO
204.661,00 €	ALIMENTACIÓN BÁSICA
6.681,71 €	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
8.368,75 €	GAS
38.271,39 €	LUZ
23.731,36 €	AUGA
819,30 €	GASTOS PERSOAIS

6.550,69 €	GASTOS DE FARMACIA
8.026,00 €	PRÓTESIS
10.480,79€	HIPOTECAS
14.965,30 €	MELLORAS DE HABITABILIDADE
2.911 €	DÉBEDAS DE COMUNIDADE

BASES

PRIMEIRA.- *Obxecto.*

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

SEGUNDA.- *Finalidade das axudas.*

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

TERCEIRA.- *Formas de pagamento.*

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante a entrega ás persoas beneficiarias do Programa de cheque bancario, tranferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

CUARTA.- *Persoas destinatarias.*

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha anti-güidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

QUINTA.- *Crédito orzamentario.*

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 ("Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios").

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00 ("Melloras en fogares").

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.



Concello de Vigo

SEXTA.- Requisitos.

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroado/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables e contías máximas.

1. Gastos subvencionables:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.*
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.*
- Débedas de comunidade.*
- Mobiliario de primeira necesidade.*
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.*

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

3º.- *Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:*

- *Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.*
- *Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.*

4º.- *Gastos persoais.*

5º.- *Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)*

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. *Contías mensuais máximas por todos os conceptos:*

<i>MEMBROS UNIDADE FAMILIAR</i>	<i>MÁXIMO ALIMEN- TOS/ MES</i>	<i>MÁXIMO ALU- GUER/MES</i>	<i>MÁXIMO DOS ÚLTIMOS DOCE MESES POR TODOS OS CONCEPTOS (*)</i>
<i>1</i>	<i>200</i>	<i>300</i>	<i>2400</i>
<i>2</i>	<i>290</i>	<i>400</i>	<i>2850</i>
<i>3</i>	<i>350</i>	<i>450</i>	<i>3250</i>
<i>4</i>	<i>400</i>	<i>500</i>	<i>3550</i>
<i>5</i>	<i>450</i>	<i>550</i>	<i>3850</i>
<i>6 ou máis</i>	<i>500</i>	<i>600</i>	<i>4150</i>

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais.

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.

OITAVA.- *Comisión de Valoración.*

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola xefa do Servizo e dúas técnicas da Área de Benestar social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán formar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- *Procedemento de concesión e valoración.*



Concello de Vigo

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas. Virán acompañadas da documentación esixida e presentaranse no modelo oficial (Anexo I). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións – BDNS ata o 31 de decembro de 2020. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

DÉCIMA.- Solicitud de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número 2080 5000 67 3110242616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

- 1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.*
- 2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.*
- 3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.*
- 4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.*
- 5. Comunicar inmediatamente ó Servizo de Benestar Social calquera cambio de domicilio ou de teléfono de contacto.*
- 6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.*
- 7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.*

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexítimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



Concello de Vigo

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38 das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área de Política Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

DÉCIMO CUARTA.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

CONVOCATORIA

Bases reguladoras.

As Bases reguladoras do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº..... do

Crédito orzamentario.

No programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación nº 480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” (922.000 €) e tamén no funcional 2310 cóntase coa nº 780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000 €), con cargo á que se viñan concedendo axudas para a adaptación dos fogares.

Obxecto, finalidade e destinatarios.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

O programa de prestacións (non periódicas) diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

Réxime de concesión.

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, acompañada da documentación esixida en cada caso. A concesión destas axudas realizarase de forma individualizada, previa valoración profesional das traballadoras sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricta suxeición ás súas Bases reitoras.

Requisitos.

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroad/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non utilizasen as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificando as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Instrucción e resolución: órganos competentes.

Correspóndelle ás traballadoras sociais que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou deneigación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificadas, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.



Concello de Vigo

A Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

Presentación de solicitudes e prazo.

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas. Virán acompañadas da documentación esixida e presentaranse no modelo oficial (Anexo I). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións – BDNS ata o 31 de decembro de 2020. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Recursos.

Contra o acordo de aprobación das Bases e a convocatoria e contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contarase a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Publicidade.

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de

Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS).

4(1138).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA “CABALGATA DE REIS” DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8156/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Área e a secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación de Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias a promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

No ámbito destas competencias o Concello de Vigo a través do Servizo de Festas ten previsto en materia de dinamización e desenvolvemento de actividades socioculturais o programa CABALGATA DE REIS.

Entre as diferentes actividades que se organizan dentro deste programa atópase o desfile da Cabalgata de Reis do día 5 de xaneiro, un dos eventos que aglutina a un maior número de público infantil e familiar, dado o seu carácter tradicional e festivo.

A Cabalgata de Reis é un evento no que participan as principais entidades da cidade a través dun convenio de colaboración coa aportación dunha carroza que contribúe a darlle ao desfile das SS.MM os Reis Magos un maior realce, vistosidade e atractivo.

Á vista do elevado número de empresas que manifestaron o seu interese na participación da Cabalgata de Reis fora do prazo establecido na primeira convocatoria publicada no BOPPO o día 25 de outubro de 2019, e co obxecto de facer inda máis atractivo o resultado final do desfile, a Xunta do Goberno Local de data 5 de decembro en sesión extraordinaria e urxente acordou abrir un novo prazo urxente mediante inserción dun anuncio no BOPPO cun prazo de dez días naturais da convocatoria para o programa CABALGATA DE REIS de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo”.

Con data 20 de decembro as 13,30 horas tivo lugar no Servizo de Festas do Concello de Vigo a Comisión de Avaliación para a resolución do novo prazo da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo” composta por: A Concelleira de Festas e Turismo, Dña. María del Carmen Lago Barreiro en calidade de Presidenta, a Xefa do Servizo de Festas Dña, Luz María González Domínguez como vogal e Susana Gallardo Fariña en calidade de secretaria. (Achégase o acta ao expediente).



Concello de Vigo

Polo exposto, e previo o informe xurídico, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Admitir as solicitudes de participación na comitiva da Cabalgata de Reis 2020 de acordo ao establecido na Acta de Avaliación asinada o de data 20 de decembro de 2019, relativa a resolución do novo praza da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo”, seguintes:

ENTIDADE	CIF	TIPO COLABORACIÓN
ENTIDAD GESTORA GASTOS COMUNES C.C. GRAN VIA DE VIGO	V27837426	ESPECIE - CARROZA
E7 2014, S.L.	B27809805	ESPECIE - CARROZA
ALCAMPO,S.A.U	A28581882	ESPECIE - CARROZA
VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.	B36693778	ESPECIE - AUTOBUS
RECALVI, S.L.	B36628931	ESPECIE - CARROZA

Segundo.- Comunicar a todas as empresas recollidas no punto primeiro a aceptación da súa participación na Cabalgata de Reis 2020 que terá lugar o día 5 de xaneiro entre as 18:00 horas e as 20:00 horas coa temática “PERSONAXES E ANIMAIS DE CONTOS E HISTORIAS DA INFANCIA”

Terceiro- Notificar ao interesado sinalando que contra a resolución que se adopte , e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1139).- PAGAMENTOS DOS DEREITOS DE AUTOR XERADOS POLOS ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019”. EXPTE. 8298/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización de data 30/12/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada de Área que di o seguinte:

A vista do presuposto presentado pola SGAE o día 19 de novembro relativo ao pagamento dos dereitos de autor do programa de concertos "VIGO EN FESTAS 2019" cuxo importe ascende a 61.764,31 € máis 12.970,51 € en concepto de IVE, que fan un total de 74.734,82 euros (setenta e catro mil setecentos trinta e catro euros con oitenta e dous céntimos), e a vista do informe xurídico de data 27 de decembro de 2019 relativo ao expediente que recolle as seguintes consideracións xurídicas:

"PRIMERO.- A SGAE en unha sociedade privada de ámbito nacional, autorizada polo Ministerio de cultura como entidade de xestión das previstas no artigo 147 e seguintes do TRLPI cuxa función principal é a xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual. Asemade a SGAE representa en España os dereitos de autores estranxeiros a través de convenios de representación recíproca firmados cos entidades de xestión colectivas estranxeiras.

O artigo 17 do Real Decreto 1/1996, do 12 de abril, determina que corresponde ao autor o exercicio exclusivo dos dereitos de explotación da súa obra en calquera forma e, en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, que non poderán ser realizadas sen a súa autorización, salvo nos casos previstos na presente Lei.

Por outra banda o artigo 150 da LPI dispón << Las entidades de gestión, una vez autorizadas conforme a lo previsto en este título, estarán legitimadas en los términos que resulten de sus propios estatutos, para ejercer los derechos confiados a su gestión y hacerlos valer en toda clase de procedimientos administrativos o judiciales.

Para acreditar dicha legitimación, la entidad de gestión únicamente deberá aportar al inicio del proceso copia de sus estatutos y certificación acreditativa de su autorización administrativa. El demandado solo podrá fundar su oposición en la falta de representación de la actora, la autorización del titular del derecho exclusivo o el pago de la remuneración correspondiente.>>

SEGUNDO.- No programa Vigo en Festas 2019 consta actuacións musicais de distintos grupos musicais (auditorio de castrelos, Terraza Auditorio Mar de Vigo, Porta do Sol), No presuposto remitido non se identifica a autoría das distintas obras interpretadas polos artistas/grupos musicais aos efectos de determinar se procede o pago dos dereitos de autor

Neste senso o Tribunal Supremo. Sala de lo Civil en sentenza de data 12 de julio de 2016 en recurso 570/2014 determina << La cuestión realmente controvertida es la legitimación en este caso para reclamar, y, en concreto, si opera la excepción prevista en el último inciso del art. 150 TRLPI , consistente en la autorización del titular del derecho exclusivo.

Si como pretende la SGAE, el contrato de gestión excluye la autorización del autor, para que pueda oponerse como excepción a la reclamación de la entidad de gestión, quedaría prácticamente vacía la previsión normativa. De ahí que, con carácter general, y sin perjuicio de la atribución de la carga de la prueba de la existencia de tal autorización, debemos reconocer, frente a la reclamación de las entidades de gestión exart. 150 LPI , que el obligado al pago de la remuneración equitativa por los actos de comunicación puede oponer, respecto de las concretas obras



Concello de Vigo

afectadas, que ha sido autorizado por el titular exclusivo de aquel derecho afectado por el acto de comunicación, al margen de los términos en que este titular exclusivo hubiera encomendado a la SGAE la gestión de estos derechos de explotación sobre su obra.

5. La prueba de la existencia de tal autorización, por parte del titular exclusivo del derecho de propiedad intelectual, corresponde al obligado al pago de la remuneración equitativa. Ordinariamente la autorización será expresa y estará documentada, pero no es estrictamente necesario que se haya realizado por escrito.

Lo verdaderamente relevante es que haya existido tal autorización, esto es, que el autor en exclusiva haya consentido esa concreta comunicación pública de su obra, y la prueba de tal autorización.

En los casos en que son los propios autores o titulares en exclusiva de una concreta obra musical quienes la interpretan y son contratados para ello, debemos entender que están de acuerdo en que se realice el acto de comunicación pública. Se puede entender que son remunerados no sólo por la interpretación sino también por la comunicación de su obra. Esto suele ocurrir en los conciertos de artistas y grupos musicales que interpretan las obras de sus propios repertorios, respecto de las que tienen un derecho en exclusiva de autor.

6. Ahora bien, en la propia ratio del art. 150 LPI está ínsito que para no hacer imposible la gestión de derechos por parte de las entidades de gestión, deba ser quien recibe la reclamación de la remuneración equitativa el que acredite respecto de qué concretas obras objeto de comunicación existe autorización del titular exclusivo.

Lo que se traduce, en el caso de autorización tácita por haber sido el propio titular de los derechos quien los ha interpretado, en que debe ser el obligado al pago de estos derechos quien pruebe cuáles fueron las obras interpretadas por estos artistas, respecto de las que invoca la autorización del titular exclusivo de los derechos.

En nuestro caso, si se repasan los espectáculos sobre los que se solicitó por la SGAE la remuneración equitativa correspondiente a la comunicación pública de obras de su repertorio, se aprecia que junto a algunos conciertos de artistas y grupos de música respecto de los que se podría presumir que interpretaron sus propias obras, hay otros en los que habría dudas si interpretaron obras de las que no son titulares exclusivos de derechos de propiedad intelectual, y otros, como las verbenas o la gala Miss Telde, en que claramente no concurre aquella excepción de autorización del titular exclusivo de los derechos afectados.

7. De ahí que la acción ejercitada por la SGAE debía prosperar respecto de todas las obras que fueron objeto de comunicación en los espectáculos descritos en el primer fundamento jurídico, salvo aquellas obras que por haber sido interpretadas por los respectivos titulares exclusivos de los derechos afectados debe presumirse la autorización.>>

E a Audiencia Provincial de Madrid, Sección 28ª, Sentencia 87/2014 de 14 Mar. 2014, Rec. 633/2012 << La sentencia apelada considera acreditado que los temas que dichos grupos interpretaron en las actuaciones que llevaron a cabo en las fiestas patronales de Villaconejos fueron todos ellos temas de la autoría de los miembros de dichos grupos, y, por otro lado, la apelante S.G.A.E. no ha atacado en su recurso la realidad de este hecho. Se trata de una circunstancia singular porque en aquellos casos en los que el intérprete de una obra musical es a la vez titular de los derechos de autor sobre esa obra, no cabe la menor duda que, al ejecutarla voluntariamente ante una pluralidad de personas que acceden a ella de manera instantánea, está prestan-

do su consentimiento a que la obra de su titularidad sea objeto del acto de comunicación pública que él mismo está protagonizando. Y hemos de tener en cuenta que "la autorización del titular del derecho exclusivo" constituye, precisamente, uno de los supuestos en los que, a tenor del Art. 150 de la Ley de Propiedad Intelectual, goza "per se" de fundamento la oposición frente a la reclamación de una entidad de gestión de esta clase de derechos. >>

E a Sentenza 575/2019 da Audiencia Provincial de Pontevedra de fecha 4 de noviembre de 2019 determina << CUARTO.- La ejecución por los artistas de su propio repertorio.

25.- El segundo motivo de recurso se fundamenta en que los artistas contratados ejecutaron obras de su propio repertorio, y en consecuencia, debiéndose presumir que el importe satisfecho con su contratación incluía el pago de sus derechos, no puede la demandante reclamar cantidad alguna en tal concepto además de la ya satisfecha directamente a los artistas o a sus representantes.

26.- La STS no 470/2016, de 12 de julio, después de rechazar el argumento de la SGAE, respecto de que la cesión en exclusiva por parte de los autores de sus derechos a la entidad de gestión excluye que éstos puedan retener derecho alguno respecto de las obras públicamente comunicadas, por lo que nunca podrán autorizar al responsable de la comunicación o al obligado al pago ninguna facultad en relación con aquélla –argumento que, conforme explica la sentencia, dejaría sin contenido la causa de oposición prevista en el párrafo segundo del art. 150 TRLPI– declara: De ahí que, con carácter general, y sin perjuicio de la atribución de la carga de la prueba de la existencia de tal autorización, debemos reconocer, frente a la reclamación de las entidades de gestión ex art. 150 LPI, que el obligado al pago de la remuneración equitativa por los actos de comunicación puede oponer, respecto de las concretas obras afectadas, que ha sido autorizado por el titular exclusivo de aquel derecho afectado por el acto de comunicación, al margen de los términos en que este titular exclusivo hubiera encomendado a la SGAE la gestión de estos derechos de explotación sobre su obra."

27.- A continuación, la mencionada sentencia razona que esa autorización por parte del autor al obligado al pago no está sujeta a ningún requisito de forma, si bien debe ser probada en carga que soporta el demandado de pago:

12"5. La prueba de la existencia de tal autorización, por parte del titular exclusivo del derecho de propiedad intelectual, corresponde al obligado al pago de la remuneración equitativa. Ordinariamente la autorización será expresa y estará documentada, pero no es estrictamente necesario que se haya realizado por escrito. Lo verdaderamente relevante es que haya existido tal autorización, esto es, que el autor en exclusiva haya consentido esa concreta comunicación pública de su obra, y la prueba de tal autorización.

En los casos en que son los propios autores o titulares en exclusiva de una concreta obra musical quienes la interpretan y son contratados para ello, debemos entender que están de acuerdo en que se realice el acto de comunicación pública. Se puede entender que son remunerados no sólo por la interpretación sino también por la comunicación de su obra. Esto suele ocurrir en los conciertos de artistas y grupos musicales que interpretan las obras de sus propios repertorios, respecto de las que tienen un derecho en exclusiva de autor.

6. Ahora bien, en la propia ratio del art. 150 LPI está ínsito que para no hacer imposible la gestión de derechos por parte de las entidades de gestión, deba ser quien recibe la reclamación de la remuneración equitativa el que acredite respecto de qué concretas obras objeto de comunica-



Concello de Vigo

ción existe autorización del titular exclusivo. Lo que se traduce, en el caso de autorización tácita por haber sido el propio titular de los derechos quien los ha interpretado, en que debe ser el obligado al pago de estos derechos quien pruebe cuáles fueron las obras interpretadas por estos artistas, respecto de las que invoca la autorización del titular exclusivo de los derechos.”

28.- En definitiva, para presumir esta autorización tácita para la comunicación de la obra, el demandado debe acreditar “cuáles fueron las obras interpretadas por estos artistas, respecto de los que invoca la autorización del titular exclusivo de los derechos”.

29.- Por tanto, corresponde probar a la entidad demandada que los intérpretes contratados ejecutaron obras de su autoría exclusiva, pues es dicha parte quien está oponiendo el hecho de contar con la autorización presunta. Como dijimos en nuestra sentencia no 421/2018, de 26 de noviembre, “ello implica acreditar qué concretas obras se comunicaron públicamente en cada actuación y, respecto de cada una, acreditar que el intérprete respectivo era el titular exclusivo de los derechos de autor”.>>

En base ao exposto considérase que a posible interpretación pública por parte dos distintos grupos no programa Vigo en Festas de obras musicais cuxa autoría corresponda aos propios membros dos grupos conleva a prestación de consentimento de que a obra da súa titularidade sexa obxecto de comunicación pública, e en consecuencia conforme o artigo 150 da LPI habería que detraer do presuposto ditas cantidades.

CONCLUSIÓN

E por isto polo que, con carácter previo ao recoñemento de pago dos dereitos de autor segundo presuposto remitido pola SGAE é preciso obter a listaxe de cancións interpretadas polos distintos grupos musicais nas actuacións do Programa Vigo en Festas 2019 e autoría das obras intepretadas”.

A vista do exposto, dende o servizo de Festas solicitouse ás empresas adjudicatarias da contratación dos concertos do programa Vigo en Festas 2019 a listaxe de cancións interpretadas polos distintos grupos musicais e artistas nas actuacións do programa **“Vigo en Festas 2019”** e autoría das obras interpretadas.

A data de hoxe foi facilitada as relacións de cancións dos artistas que se atopan anexadas ao expediente sendo éstas as seguintes: Amparanoia, Herdeiros da Crus, Coral Casablanca, Tony Lomba, Mikel Erentxun. Rick Askley, Layryn Hill, Leiva, Tom Jones e 30 Secons to Mars.

Dos listaxes achegados, os artistas e grupos que interpretan no seu repertorio cancións alleas das que soamente son intérpretes e non autores son os que se detallan a continuación polos importes recollidos no presuposto da SGAE:

DATA	LUGAR	ESPECTÁCULO	IMPORTE DEREITOS
23/07/19	AUDITORIO CASTRELOS	TOM JONES	6.547,13 €
27/07/19	AUDITORIO CASTRELOS	CORAL CASABLANCA	246,26 €
30/07/19	AUDITORIO CASTRELOS	CHUMI CHUMA	860,63 €

04/08/19	AUDITORIO CASTRELOS	QUEENMANÍA	109,55 €
07/08/19	AUDITORIO CASTRELOS	SUPER WINGS	388,72 €
13/07/19	AUD. MAR DE VIGO (TERRAZA)	AMPARANOIA	946,69 €
IMPORTE DEREITOS			9.098,98 €
IVE			1.910,79 €
IMPORTE TOTAL			11.009,77 €

Á vista do exposto, e previa o informe xurídico e a fiscalización por parte de Intervención de Fondos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

Primeiro: “Autorizar un gasto por un importe total de 11.009,77 € (9.098,98 € máis 1.910,70 € de IVE) en concepto dos dereitos de autor derivados dos repertorios interpretados polo grupos e artistas das que soamente son intérpretes e non autores, con cargo á aplicación presupostaria 3380.226.0906 (Festas en Vigo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico. Este pagamento realizarase á Sociedad General de Autores (SGAE), con CIF G-28.029.643, previa a presentación da correspondente factura”.

Segundo: Requiritr á SOCIEDADE XERAL DE AUTORES que emita un novo presuposto en concepto de dereitos de autor de aquelas cancións interpretadas polos artistas do programa Vigo en Festas e son son de autoría allea.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1140).- APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DAS ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR DO ANO 2019 (5º). EXPTE. 102744/140.

Visto o informe de fiscalización do 27/12/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, a interventora xeral adxunta e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2019.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:



Concello de Vigo

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	Si/a favor
Fernández Fernández Paz	201900044977	2310.4810000	240.000,00	225.987,88	27/06/19	06/09/19	27/09/19	14.012,12	—
Fernández Fernández Paz	201900065687	2310.4800000	150.000,00	134.659,60	20/09/19	12/12/19	20/12/19	15.340,40	—
Fernández Fernández Paz	201900067318	2310.4800002	1.619.901,03	1.613.486,76	23/09/19	18/12/19	23/12/19	6.414,27	---
Fernández Fernández Paz	201900068679	2310.4800011	25.000,00	25.000,00	02/10/19	12/12/19	02/01/20	----	—
Fernández Fernández Paz	201900076081	2310.7800000	20.000,00	13.222,88	06/11/19	20/12/19	06/02/20	6.777,12	—
Fernández Fernández Paz	201900083369	2310.4810000	485.912,80	485.912,32	26/11/19	09/12/19	26/02/20	0,48	—
García Álvarez Luis	201900065131	2311.4800000	3.500,00	3.495,00	15/09/19	18/12/19	15/12/19	5,00	—
García Álvarez Luis	201900077409	9201.2260600	700,00	345,34	11/11/19	28/11/19	11/02/20	354,66	—
Martínez Muñoz Francisco	201900063388	1320.2260100	400,00	302,50	11/09/19	05/12/19	11/12/19	97,50	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900094114	2310.2279900	6.246,00	6.246,00	20/12/19	23/12/19	20/03/20	----	—
Otero Lamas Francisco	201900065104	3112.2279900	400,00	400,00	17/09/19	04/12/19	17/12/19	----	—
Vega Andión Oscar M.	201900061338	4412.2279900	4.000,00	3.823,47	06/11/19	18/12/19	06/02/20	176,53	—
Vega Andión Oscar M.	201900065118	9200.2219902	500,00	90,65	17/09/19	18/12/19	17/12/19	409,35	—
TOTAL			2.556.559,83	2.512.972,40				43.587,43	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201900065131 de García Álvarez Luis e 201900065118 de Vega Andión Oscar Miguel.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranete.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformi- dade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 201900065131 de García Álvarez Luis e 201900065118 de Vega Andiión Oscar Miguel non se renderon dentro do prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe li- brado	Importe xustificado	Data de pagamen- to	Data Real xustifica- ción	Data legal de xustifica- ción	Reinte- gro	S/ a favor
Fernández Fer- nández Paz	20190004497 7	2310.4810000	240.000,00	225.987,88	27/06/19	06/09/19	27/09/19	14.012,12	—
Fernández Fer- nández Paz	20190006568 7	2310.4800000	150.000,00	134.659,60	20/09/19	12/12/19	20/12/19	15.340,40	—
Fernández Fer- nández Paz	20190006731 8	2310.4800002	1.619.901,03	1.613.486,76	23/09/19	18/12/19	23/12/19	6.414,27	---
Fernández Fer- nández Paz	20190006867 9	2310.4800011	25.000,00	25.000,00	02/10/19	12/12/19	02/01/20	----	—
Fernández Fer- nández Paz	20190007608 1	2310.7800000	20.000,00	13.222,88	06/11/19	20/12/19	06/02/20	6.777,12	—
Fernández Fer- nández Paz	20190008336 9	2310.4810000	485.912,80	485.912,32	26/11/19	09/12/19	26/02/20	0,48	—
García Álvarez Luis	20190006513 1	2311.4800000	3.500,00	3.495,00	15/09/19	18/12/19	15/12/19	5,00	—
García Álvarez Luis	20190007740 9	9201.2260600	700,00	345,34	11/11/19	28/11/19	11/02/20	354,66	—
Martínez Muñoz Francisco	20190006338 8	1320.2260100	400,00	302,50	11/09/19	05/12/19	11/12/19	97,50	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900094114	2310.2279900	6.246,00	6.246,00	20/12/19	23/12/19	20/03/20	----	—
Otero Lamas Francisco	20190006510 4	3112.2279900	400,00	400,00	17/09/19	04/12/19	17/12/19	----	—
Vega Andiión Oscar M.	20190006133 8	4412.2279900	4.000,00	3.823,47	06/11/19	18/12/19	06/02/20	176,53	—
Vega Andiión Oscar M.	201900065118	9200.2219902	500,00	90,65	17/09/19	18/12/19	17/12/19	409,35	—
TOTAL			2.556.559,83	2.512.972,40				43.587,43	



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1141).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DUN CONXUNTO ESCULTÓRICO EN PEDRA COMPOSTO POR UN CANGREXO E DOUS BANCOS. EXPTE. 11857/446.

Visto o informe xurídico de data 27/12/19 e o informe de fiscalización do 30/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/19, asinado polo xefe do Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O obxecto deste expediente e establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para a realización dun conxunto escultórico en pedra composto por un cangrexo e dous bancos.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Asemade conforme o artigo 47.2 da LRXSP o convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo entendido como aqueles <<*firmados entre dous o máis administracións públicas, ou ben entre dous o máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias o delegadas*>>

A lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 do 27 de decembro de 2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materia de medio ambiente urbano e en particular, parques e xardines públicos e protección e xestión do Patrimonio histórico. Dita competencia está delegada na Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, segundo resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de datas 18 e 26 de xuño de 2019.

Doutra banda é competencia propia da Deputación o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, tal como establecen os artigos 109 e 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. A tal efecto o artigo 118 de dita lei encomenda ás deputacións no marco da administración dos intereses da provincia, a creación, conservación e mellora dos servizos que contribúan ó seu fomento, e en especial da conservación de monumentos histórico-artísticos.

Conforme ao establecido no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, consta memoria xustificativa da necesidade, oportunidade, impacto económico e carácter non contractual perseguidos polo Convenio de Colaboración e borrador do convenio.

A subscrición do Convenio non supón a cesión de titularidade de competencias e está excluído do ámbito de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6.2).

Os contidos do articulado do Convenio cumpre ao establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

A celebración deste convenio non xenera un gasto novo distinto ao xa previsto nos presupostos do Concello, polo que non se derivan da subscrición do convenio gastos adicionais.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para a aprobación de calquera programa/plan/proxecto campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencias municipais, conforme a Resolución da Alcaldía de data 18/06/2019, correspondendo a formalización do convenio ao concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en virtude da delegación conferida por Resolución da Alcaldía de data 26/06/2019.

Polo expostos, sométese á Xunta de Goberno local a seguinte proposta,

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a realización dun conxunto escultórico en pedra composto por un cangrexo e dous bancos.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUN CONXUNTO ESCULTÓRICO EN PEDRA COMPOSTO POR UN CANGREXO E DOUS BANCOS.

Pontevedra, ----- de ----- de 2019

REUNIDOS

Dunha parte D^a María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra, D. Ángel Rivas González, concelleiro delegado da Area de Parques e Xardíns , Comercio, Distritos e Festas Especiais, en virtude das competencias delegadas en materia de formalización de convenios administrativos segundo Resolución da Alcaldía de data 26 de xuño de 2019.

*Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e Dona María Concepción campos Acuña, Secretaria de Goberno Local do Concello de Vigo
As partes recoñécense, mutuamente a capacidade e lexitimación suficientes para o outorgamento do presente documento, a cuxo fin*

MANIFESTAN



Concello de Vigo

Que é competencia propia da Deputación o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, tal como establecen os artigos 109 e 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. A tal efecto o artigo 118 de dita lei encomenda ás deputacións no marco da administración dos intereses da provincia, a creación, conservación e mellora dos servizos que contribúan ó seu fomento, e en especial da conservación de monumentos histórico-artísticos.

Que a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, dispón que os bens e dereitos patrimoniais das administracións públicas poderán cederse gratuitamente para a realización de fins de utilidade pública ou interese social da súa competencia, a outras entidades públicas ou asociacións declaradas de utilidade pública. En concordancia co anterior o regulamento de bens das entidades locais dispón que poderán cederse os bens patrimoniais a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

Que o Concello de Vigo pretende instalar un conxunto escultórico en pedra que será instalado nun lugar público.

Que analizadas as circunstancias, co fin de difundir o noso patrimonio histórico-artístico e poñelo en valor, ambas partes consideran de interese público sociocultural instalar o conxunto escultórico.

Que a Deputación de Pontevedra dispón dunha Escola de Cantería, co fin de promover a defensa do patrimonio histórico-artístico e a formación nesta materia, de xeito que os froitos do proceso formativo dos seus alumnos, reverta a favor das administracións públicas ou asociacións sen ánimo de lucro para a súa colocación en lugares emblemáticos ou para celebrar ou conmemorar feitos e datas singulares.

Que para artellar a colaboración entre as partes, prevese a fórmula do convenio como idónea para acadar os obxectivos propostos. Neste senso os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Os convenios constitúen un instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestión de interese común, segundo resulta do contido do artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Que co fin de posibilitar a colaboración entre ambas entidades, as partes conveñen na concertación do presente convenio, con arranxo ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a realización dun conxunto escultórico en pedra composto por unha escultura en forma de cangrexo con dous bancos aos lados, un co nome Cíes e outro co nome Vigo. O conxunto localizarase de tal maneira que se poidan ver as Illas Cíes de fondo, creando así un “selfie point” que destaque os valores turísticos, históricos e/ou patrimoniais do concello a través de instantáneas que se difundirán a través das redes sociais.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN

O Servizo da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra promoverá os traballos de elaboración e instalación dun conxunto escultórico en pedra.

O ben doado, incluídos os traballos de manufactura importan un valor de 10.506,09 euros, IVE incluído.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello de Vigo comprométese a facilitar os traballos necesarios para a instalación, permitindo o acceso a unha toma de corrente o máis preto posible, ou calquera outro indispensable para a realización dos traballos obxecto do Convenio.

En caso de ser necesarios, os permisos, autorizacións e licenzas necesarias para realizar os traballos, correrán por conta do Concello de Vigo sen prexuízo de que dende a Deputación de Pontevedra se realicen aqueles trámites de colaboración necesarios para axilizar a elaboración dos traballos. En base á obriga anterior, o Concello de Vigo comprométese a xestionar, si procede, todas as autorizacións necesarias para acometer os traballos.

Unha vez realizados os traballos, o Concello asumirá a responsabilidade de conservación e o mantemento da peza.

O Concello de Vigo deberá presentar, unha vez realizados os traballos de instalación, a correspondente xustificación da publicidade realizada, mediante reportaxe fotográfica, recortes de prensa, etc, no prazo dun mes a contar dende a sinatura da acta de entrega ou a requirimento expreso da Deputación de Pontevedra.

O incumprimento das obrigas de publicidade poderá ser causa de resolución da doazón.

CUARTA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ás actuacións a que se refire o presente convenio (carteis, folletos, noticias de prensa, páxina web e outros) o Concello de Vigo deberá facer indicación do financiamento pola Deputación de Pontevedra.

Nos paneis informativos que se coloquen durante a realización dos traballos obxecto do convenio farase constar, ademais dos datos descritivos das actuacións a imaxe corporativa que a este fin lle facilite a Deputación de Pontevedra, a través do seu Servizo de Imaxe e Comunicación Institucional, e neles figurará expresamente o financiamento da Deputación de Pontevedra.

QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata a finalización das actuacións obxecto do convenio, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2019.

A vixencia do presente convenio de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, coordinación, vixilancia e control da execución do obxecto deste convenio, así como a resolución de dúbidas e resolución de conflitos que poidan producirse na súa interpretación, crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes, un dos cales terá carácter técnico, sen prexuízo de que poida solicitarse, de mutuo acordo, a presenza puntual doutros membros e/ou asesores.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra como regra xeral. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións. En defecto de acordo, a presidenta da Deputación sinalará o responsable da Comisión que actuará en calidade de presidente.



Concello de Vigo

Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio será remitida ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas-Resolución de 2 de decembro de 2016).

SÉTIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en algunha das causas de resolución.

Ademais das expresadas na normativa vixente, as causas de resolución serán:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

O incumprimento e a resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a súa liquidación ao obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, as súas responsabilidades, e á indemnización dos prexuízos causados no seu caso, que se clarexarán, en primeira instancia, pola Comisión de Seguimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, previa comunicación e tratamento pola Comisión de Seguimento.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e demais lexislación en materia de réxime local, polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución do orzamento da Deputación, e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Este Convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes máis aló das cláusulas recollidas no convenio, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento. As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo e no caso de aparición de discrepancias que non puideran solventarse a través da Comisión de Seguimento, acordan a submisión do presente Convenio á orde xudicial contencioso-administrativa e expresamente ós xulgados do contencioso de Pontevedra.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, os datos persoais obtidos neste procedemento

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

E, en proba de conformidade co ata aquí exposto, os comparecentes conveñen en asinar o presente documento, no lugar e data expresados no seu encabezamento.

Pola Deputación de Pontevedra,

Polo Concello de Vigo

Asdo: M^a del Carmen Silva Rego

Asdo: Ángel Rivas González

O Secretario da Deputación

A Secretaria do Goberno Local

Asdo: Carlos Cuadrado Romay

Asdo: Concepción Campos Acuña

SEGUNDO.- Notificar ao interesado.

TERCEIRO.- Dar traslado á Concellería delegada da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais aos efectos da formalización do convenio polo concelleiro delegado.

CUARTO.- Proceder á publicación do convenio no Portal de Transparencia, conforme o disposto no artigo 8.1.b da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1142).- OUTORGAMENTO DAS "SUBVENCÍONS PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2019". EXPTE. 8921/320.

Visto o informe de fiscalización do 27/12/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 23/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 7 de novembro de 2019, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2019.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 223 do 20 de novembro de 2019, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrência de solicitudes polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (21 de novembro de 2019).

Durante este prazo (de 22 novembro a 1 de decembro), achegaron un total de 14 solicitudes (14):

	EXPTE		ENTIDADE	SOLICITUDE CARPAS	SUBVENCIÓN	DATA DE REXISTRO
1	9298	320	MARIA SIO CARRERA (ASOC. FOLCLÓRICA OS VENTOS DE COMESAÑA)	SOLICITUDE PARA OPTAR A AXUDA DA INSTALACIÓN DE CARPA PARA A FINANCIACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ.		2019-12-01
2	9304	320	ASOCIACIÓN FESTAS DA PALOMA DA GARRIDA	ANEXOS SUBVENCIÓN PARA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADA.		2019-12-01
3	9303	320	IRMANDADE DE SAN CAMPIO	SOLICITUD SUBVERNCIONORGANIZACION ACTOS SOCIAIS		2019-12-01
4	9302	320	A COMISION FESTAS NOSA SRA NIEVES GUIA	CONVOCATORIA SUBVENCIÓN PARA ORGANIZACION ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIAIS 2019		2019-12-01
5	9299	320	CARRERA FERNANDEZ Sociedade Cultural Festas da Consolación de Coia	PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PARA SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ.		2019-12-01
6	9312	320	ASOCIACIÓN VECIÑAL CASCO VELLO	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ		2019-11-29

7	9311	320	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	SOLICITUDE DA SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADÁ	2019-11-29
8	9323	320	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	ANEXOS I,II,III E FACTURA DA SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADÁ	2019-11-28
9	9313	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FEIRA CABRAL	SUVBENCIONS PARA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADÁ, 2019	2019-11-28
10	9310	320	U.V.C.D CANDEÁN	EN RELACION COAS SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS	2019-11-27
11	9301	320	HERMANDAD FIESTAS PATRONALES DE CANDEÁN	REMITO SOLICITUD DE SUBVENCION Y DOCUMENTACION ADJUNTA	2019-11-26
12	9309	320	ASOC DE VECINOS SAN ROQUE	SUBVENCIONS PARA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADADA, ANO 2019	2019-11-26
13	9308	320	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	SOLICITUDE SUBVENCION PARA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADADA, 2019	2019-11-25
14	9306	320	ASOC. DE VECINOS O CARBALLO DE SÁRDOMA	SOLICITUDE SUBVENCION PARA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADADA, 2019	2019-11-21

OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar



Concello de Vigo

social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2019 están destinadas a financiar:

- a) Gastos correntes derivados de **servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións mobles destinadas á celebración de actos sociais** ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 35.000,00 €. O **importe máximo subvencionable será de 2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrenza competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:

- a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.
Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0

Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 20 puntos. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Ata 1 ano: 2 puntos

Ata 2 anos: 4 puntos

Ata 3 anos: 6 puntos

4 ou mais anos: 8 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día: 2 puntos

2 días : 4 puntos

3 días : 6 puntos

4 ou mais días: 8 puntos

- Nº de actividades (máximo 3): Ata 2 puntos

1 actividade: 2 punto

2 actividades: 1 puntos

3 actividades: 0 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

c) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 5 puntos

De 1 € a 1.000 €: 1 punto

De 1.001 a 1.500 €: 2 puntos

De 1.501 a 2.000 €: 3 puntos

De 2.001 a 2.500 €: 4 puntos

De 2.501 a 2.700 €: 5 puntos

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

Das solicitudes achegadas, segundo o disposto na base 8ª ("Prazo e forma de presentación da solicitude") da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a **desestimación da presentada pola Asociación de Veciños O Carballo de Sárdoma, xa que non cumpre co prazo de presentación de solicitudes** e documentación complementaria, que era de 10



Concello de Vigo

días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (21 de novembro de 2019).

Por outra banda, conforme a base 9º (“Solicitud e Documentación”) propónse aceptar de plano o **desistimento da solicitude de subvención presentada polas seguintes entidades:**

1. G-36633030 Sociedade Cultural Festas da Consolación de Coia
2. G-36840940 Irmandade de Festas de San Campio
3. G-36731404 Comisión Festas Nosa Sra. Das Neves *da Guía*

Das restantes entidades solicitantes dáse por cumpridos os requisitos establecidos nas bases:

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base oitava.

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3).

g) Incorpóranse aos seus expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

h) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS.

i) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 9ª e aprobada como modelo oficial

j) Incorpórase como **Anexo I a acta da Comisión de Valoración** do 20 de decembro de 2019 e como **Anexo II a Táboa-Baremos** na que se reflicten os datos e puntuacións obtidas por cada entidade en cada un dos criterios obxecto de valoración.

PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, con data 12/12/2019, conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria (“procedemento: instrución, resolución, notificación e/ou publicación, recursos e renuncia”) resolveu o

nomeamento dos titulares e suplentes da Comisión de Valoración que presiden, de conformidade coa dita base, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Carla Candia Paz	O xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (Por resolución do 23/10/2019)
	Suplente	Rosa M ^a Otero Málvarez	Técnica de Xestión
Vogal 2	Titular	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral
	Suplente	Purificación Bernandez Martínez	Administrativa da Administración Xeral
Secretaria	Titular	Carla Candia Paz	O xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (Por resolución do 23/10/2019))
	Suplente	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das DEZ (10) entidades as que se lle propón conceder subvención.

Proponse, por outra lado, desestimar ás solicitudes relacionadas a continuación, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria. Así como, aceptar de plano o desistimento da súa solicitude de subvención presentada por tres (3) entidades.

Deste xeito, a comisión de valoración, en xuntanza de 20/12/2019, conforme á información e documentación obrante no expediente, procede a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, acordando o seguinte:

DESESTIMACIÓNS DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

Das solicitudes achegadas, segundo o disposto na base 8^a ("Prazo e forma de presentación da solicitude") da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación da presentada pola Asociación de Veciños O Carballo de Sárdoma, xa que non cumpre co prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria, que era de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (21 de novembro de 2019)

TÁBOA 1 (Non cumprir co prazo de presentación de solicitudes)		
CIF/NIF	ENTIDADES	N^a EXPEDIENTE
G-36649325	Asociación de Veciños O Carballo de Sárdoma	9306-320



Concello de Vigo

Por outra banda, conforme a base 9º (“Solicitud e Documentación”) propónse aceptar de plano o **desistimento da solicitude de subvención presentada polas seguintes entidades:**

TÁBOA 2 (Desistimento da solicitude de subvencións)			
CIF	ENTIDADE	EXPTE	MOTIVO de DESESTIMACIÓN
G-36633030	SOCIEDADE CULTURAL FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA	9299-320	Desistimento expreso presentado no documento nº: 190200768 o 18/12/2019
G-36840940	IRMANDADE DE FESTAS DE SAN CAMPIO	9303-320	Desistimento expreso presentado no documento nº: 190200062 o 17/12/2019
G-36731404	COMISIÓN FESTAS NOSA SRA. DAS NEVES DA GUÍA	9302-320	Desistimento expreso presentado no documento nº: 190201251 o 18/12/2019

Unha vez eliminadas da relación as solicitudes indicadas nos parágrafos anteriores, optan a ser beneficiarias das subvencións as seguintes entidades:

(TÁBOA 3) ENTIDADES BENEFICIARIAS					
	EXPTE		ENTIDADE	SOLICITUDE SUBVENCIÓN	DATA DE REXISTRO
1	9298	320	ASOC. FOLCLÓRICA OS VENTOS DE COMESAÑA	SOLICITUDE PARA OPTAR A AXUDA DA INSTALACIÓN DE CARPA PARA A FINANCIACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ.	2019-12-01
2	9304	320	ASOCIACIÓN FESTAS DA PALOMA DA GARRIDA	ANEXOS SUBVENCIÓN PARA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADADA.	2019-12-01

3	9312	320	ASOCIACIÓN VECIÑAL CASCO VELLO	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ	2019-11-29
4	9311	320	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	SOLICITUDE DA SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ	2019-11-29
5	9323	320	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	ANEXOS I,II,III E FACTURA DA SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ	2019-11-28
6	9313	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FEIRA CABRAL	SUVBENCIÓNS PARA ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ, 2019	2019-11-28
7	9310	320	U.V.C.D CANDEÁN	EN RELACIÓN COAS SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ.	2019-11-27
8	9301	320	HERMANDAD FIESTAS PATRONALES DE CANDEÁN	REMITO SOLICITUD DE SUBVENCIÓN Y DOCUMENTACION ADJUNTA	2019-11-26
9	9309	320	ASOC DE VECINOS SAN ROQUE	SUBVENCIÓNS PARA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ANO 2019	2019-11-26
10	9308	320	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADÁ, 2019	2019-11-25

Á vista do exposto anteriormente, una vez avaliadas as solicitudes achegadas pola Comisión de Valoración e, de conformidade coa Base 11.5ª da norma reguladora da



Concello de Vigo

subvención, formúlase proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal:

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2019:

PRIMEIRO: CONCEDER, ás dez (10) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás”, cunha dotación de 35.000,00 €, correspondentes á “Convocatoria das subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2019”, polo contía total que se reflicte a seguir:

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	Total Puntos	Orzamento Proxecto	Solicitude Máxima	Proposta Subvención
					2.700,00 €	
G-36645885	A.V Casco Vello	Montaxe de carpa e escenario na Festa de Convivencia no domingo de Entroido	25	1.210,00 €	1.210,00 €	1.210,00 €
G-36632081	A.V.C.V- C.S.- C.R de Beade	Montaxe carpa na XXXIII Festa da Cereixa- VIII Carreira da Cereixa (31 de maio ao 2 de xuño)	32	3.509,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €
G-36659894	A.V. De San Roque	Montaxe de carpa Festa das Castañas (magosto)	25	1.452,00 €	1.452,00 €	1.452,00 €
G-36729796	AVV. Feira Cabral	Montaxe carpa con plataforma, alumbrado e megafonía na XIX Festa do Xurelo	27	2.178,00 €	2.178,00 €	2.178,00 €
G-36617082	C.C.R. De Valladares	Montaxe de carpas no Encontro de Música Popular Galego-Portuguesa do 10 de agosto	30	2.698,30 €	2.698,30 €	2.698,30 €
G-36863348	UVCD Candean	Montaxe carpa na Romaría do Vixiador	22	1.452,00 €	1.452,00 €	1.452,00 €
G-36633428	S.C.D.R Helios- Bembrive	Montaxe carpa Magosto 2019	26	1.391,50 €	1.391,50 €	1.391,50 €
G-36757003	Hermandad Fiestas Candean	Montaxe de carpas: Festa Patronal San Cristobal /Sta Ana: xullo 2019 Festa Patronal Nome de María 7,8,e 9 de setembro	29	1.936,00 €	1.936,00 €	1.936,00 €

G-36698140	Asoc. Folclórica T. Os Ventos de Comesaña	Instalación de carpa no Festival Mesturando	25	1.210,00 €	1.210,00 €	1.210,00 €
G-36962389	Asoc. Festas a Paloma da Garrida	Montaxe da carpa Festa Verbena da Paloma os días 2 e 3 de novembro de 2019	23	1.936,00 €	1.936,00 €	1.936,00 €
Total Puntos			264	18.972,80 €	18.163,80 €	18.163,80 €
€/punto			132,58 €			

SEGUNDO: DESESTIMAR, segundo o disposto nas bases da norma reguladora das subvencións, a solicitude presentada pola entidade que se indica a continuación, xa que non reúne os requisitos para obter a condición de beneficiaria:

- Segundo o disposto na base 8ª (“Prazo e forma de presentación da solicitude”) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación da presentada pola Asociación de Veciños O Carballo de Sárdoma, xa que non cumpre co prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria, que era de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (21 de novembro de 2019)

TÁBOA 1 (Non cumprir co prazo de presentación de solicitudes)		
CIF/NIF	ENTIDADES	Nª EXPEDIENTE
G-36649325	Asociación de Veciños O Carballo de Sárdoma	9306-320

TERCEIRO: ACEPTAR de plano o desistimento das solicitudes de subvención presentadas polas entidades que se relacionan a continuación, conforme a base 9ª (“Solicitude e Documentación”):

TÁBOA 2 (Desistimento da solicitude de subvencións)			
CIF	ENTIDADE	EXPTE	MOTIVO de DESESTIMACIÓN
G-36633030	SOCIEDADE CULTURAL FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA	9299-320	Desistimento expreso presentado no documento nº: 190200768 o 18/12/2019
G-36840940	IRMANDADE DE FESTAS DE SAN CAMPIO	9303-320	Desistimento expreso presentado no documento nº: 190200062 o 17/12/2019
G-36731404	COMISIÓN FESTAS NOSA SRA. DAS NEVES DA GUÍA	9302-320	Desistimento expreso presentado no documento nº: 190201251o 18/12/2019



Concello de Vigo

CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

QUINTO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

SEXTO: ORDEAR, aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

SÉTIMO: AMPLIAR o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, e previamente ampliado por acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de novembro de 2019, ata o día **28 de decembro de 2019** [...]

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1143).- BASES REGULADORAS PARA A CESIÓN DE USO GRATUITO DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”. EXPTE. 20415/240.

Visto o informe de fiscalización do 30/12/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefe da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Concelleira delegada de Patrimonio resolveu, en data 22/11/2019, o inicio dun expediente para a redacción e aprobación dalgunhas bases para a cesión de uso gratuito do AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo é titular do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, equipamento destinado principalmente ó desenvolvemento de actividades sociais e culturais, concertos, mostras e representación de danza e teatro, cinematográficos, etc.

O devandito equipamento foi realizado no marco dun contrato de concesión de obra pública adxudicado a Pazos de Congresos de Vigo SA por acordo da XGL de data 6/3/2006. Posteriormente, a concesionaria instou procedemento para a declaración dun concurso voluntario de acredores que foi acordado por Auto do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, quen resolveu finalmente mediante Auto de data 13/11/2017 a apertura da fase de liquidación e a extinción do contrato concesional, facendo entrega o Administrador Concursal das instalacións do Auditorio ó Concello o 27 de marzo do 2018.

Na actualidade, trala extinción do contrato concesional, o Concello acordou subrogarse (Xunta de Goberno Local do 9/3/2018) no contrato de arrendamento do 17/3/2014 asinado entre a extinta sociedade concesionaria Pazos de Congresos de Vigo SA e a sociedade Organización de Ideas de Éxito SL pola que arrendouse a esta última os espazos destinados a Auditorio-Palacio de Congresos para as actividades propias deste, nos termos da concesión administrativa outorgada no seu día e do Regulamento de Servizos, resultando a arrendataria, actual xestora de dito complexo.

TERCEIRO.- O Pleno municipal aprobou o 21.10.2011, o Réxime de Funcionamento do Auditorio Pazo de Congresos “Mar de Vigo” no que regúlase as condicións de uso do Auditorio. Dacordo co devandito regulamento, o Concello dispón duns días o ano de uso gratuito dos diversos espazos do Auditorio (Sala Principal, Secundaria, de Congresos e Hall principal) para a organización de eventos que deberá comunicalo a sociedade xestora a súa reserva con antelación de 6 meses ou cun aviso de 15 días, na que procederá á organización das actividades e concertos, podendo facelo en colaboración con outros colectivos culturais ou educativos.

As presentes bases ten como obxecto regular o acceso de terceiros interesados (institucións públicas, colexios ou entidades sen ánimo de lucro), na utilización do Auditorio-Pazo de Congresos, establecendo os criterios e condicións de uso para a súa cesión gratuita con cargo aos días de libre disposición cos que conta o Concello de Vigo, naquelas datas en que as instalacións estean dispoñibles e ata o límite de días recollidos no artigo 7.1 do réxime de funcionamento do Auditorio - Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, e co fin de desenvolver actividades socioculturais e/ou educativas, de interese para a cidade.

As Bases estrutúranse en diversos apartados nos que se regula, entre outras cuestións, o procedemento para o outorgamento da correspondente autorización; os datos a reflexar na solicitude de cesión; os criterios para a súa concesión, en base a unha orde de preferencia na que o Concello ten prioridade; as obrigas que asume o organizador e a responsabilidade deste no desenvolvemento do evento; ou a relación co a entidade xestora do Auditorio. Finalmente, atribuese á Concelleira Delegada de Patrimonio, a competencia na resolución das solicitudes de cesión de uso que se formulen, de acordo con ditas bases.

CUARTO.- En función da delegación de competencias efectuada pola Alcaldía-Presidencia, mediante Resolución do 26/06/2019, para a xestión patrimonial do Auditorio Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, formulase a presente proposta de Bases para a cesión de uso gratuito do AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, consonte a Disposición Adicional Segunda da L. 9/2017 de Contratos do Sector Público.



Concello de Vigo

En merito o que antecede e previo informe da Intervencion Xeral, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Regulatoras para a Cesión de Uso Gratuito do AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO” consonte ó texto que figura anexo ao presente.

SEGUNDO.- Proceder a súa publicación na paxina web do Concello de Vigo e Portal de Transparencia, e comunicación aos servizos municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES PARA A CESIÓN DE USO GRATUITO DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”.

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento, criterios e condicións que rexirán na cesión do uso gratuito do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” con cargo aos días de libre disposición cos que conta o Concello de Vigo, naquelas datas en que as instalacións estean dispoñibles e ata o límite de días recollidos no artigo 7.1 do réxime de funcionamento do Auditorio - Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, aprobado polo Pleno Municipal en data 21 de outubro de 2011.

A cesión terá como finalidade principal o desenvolvemento de actividades socioculturais e/ou educativas, de interese para a cidade, e promovidas polos seguintes axentes:

- *Institucións públicas.*
- *Colexios ou centros de ensino de primaria, secundaria, bachelato e, ciclos formativos ou equivalentes, que radiquen no Concello de Vigo.*
- *Persoas ou entidades sen ánimo de lucro inscritas no rexistro municipal de asociacións ou que ben polo seu ámbito espacial ou polos seus fins non precisen da inscrición no rexistro municipal de asociacións.*

SEGUNDA.- ESPAZOS E AFORO.

Os espazos dispoñibles para cesión de balde son os seguintes:

- ✓ *Sala Principal (sala Auditorio): 1.421 espectadores + 6 espazos para persoas en cadeiras de rodas.*
- ✓ *Sala Secundaria (sala situada na planta de cuberta): 550 persoas*
- ✓ *Salas polivalentes A e B (salas de congresos): 100 persoas cada unha.*
- ✓ *Hall principal (apto para exposicións): 1.000 persoas*

TERCEIRA.- HORARIOS DE FUNCIONAMENTO.

- ✓ *Montaxe e desmonte: De luns a domingo en horario de 09,00 h a 14,00 h e de 16,00 a 19,00 horas.*
- ✓ *Desenvolvemento do espectáculo ou evento: Os horarios adaptaranse as necesidades do solicitante.*

CUARTA.- SOLICITUDES DE CESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS. DATOS DA SOLICITUDE.

As solicitudes de cesión realizaranse, dacordo co modelo aprobado, a través do Rexistro Xeral, cunha antelación mínima de seis meses respecto do inicio da actividade que se pretende desenvolver e incluírá os seguintes datos:

- a) Nome da persoa solicitante; no caso das entidades, nome do seu representante legal, ademais dos da propia entidade (nome, apelidos, cargo, enderezo completo, localidade, NIF, teléfono, correo electrónico). Sinatura do responsable da organización e da promoción da actividade.*
- b) Datos da actividade (título ou denominación, autores, actores, conferenciantes, relatores, dirección técnica ou artística...).*
- c) Entidades que participan ou colaboran na actividade.*
- d) Modalidade de acceso do público (entrada libre, invitación, pagamento de entrada...).*
- e) Datas e horarios solicitados (inicio de montaxe, horario/s de apertura de portas, de despacho de billetes, de comezo, de fin do desmonte...)*
- f) Datos do persoal responsable durante o desenvolvemento, montaxe e desmonte do acto e número de teléfono móbil localizable en todo momento.*
- g) Datos de contacto para información do público (teléfonos, páxina web, correo electrónico...).*

O servizo de Patrimonio, de non reunir a solicitude os requisitos esixidos ou resultar necesario para a súa resolución a contribucións de datos complementarios, outorgara un prazo de 10 días ao solicitante para que proceda a súa corrección ou mellora.

As solicitudes presentadas sen a antelación dos seis meses, só poderán ser autorizadas no seu caso, previa conformidade coa arrendataria do auditorio Mar de Vigo sempre que non entorpeza a súa actividade propia.

QUINTA.- CRITERIOS PARA A CESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS. PREFERENCIA E EXCLUSIONS.

Primeiro.-As solicitudes resolveráanse dacordo coa seguinte orde de preferencia:

A). O Concello de Vigo, que dispón de prioridade na utilización de ditos espazos para desenvolvemento de calquera tipo de actividade que organice no Auditorio "Mar de Vigo".

B). As Administracións Públicas, Institucións ou Organismos integrantes do Sector Público.

C). Colexios ou centros de ensino de primaria, secundaria, bachelato, ciclos formativos ou equivalentes, que radiquen no Concello de Vigo, para a realización de actividades escolares.

D). As entidades sen ánimo de lucro, que figurando inscritas no rexistro municipal de asociacións teñan, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, obxectivos e finalidades de carácter sociocultural, educativas ou benéficas, que complementen a programación sociocultural ou educativa do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

E) As entidades sen ánimo de lucro que ben polo seu ámbito espacial ou polos seus fins non precisen da inscrición no rexistro municipal de asociacións.

Segundo.- Quedarán excluídas as solicitudes de entidades privadas ou persoas físicas ou xurídicas con fins lucrativos; actividades que teñan como finalidade as de venda directa, indirecta ou de promoción de artigos de consumo; as de carácter político ou doutrinal de signo partidario ou confesional; as que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente.

Terceiro.- Non se autorizará a utilización de balde das instalacións para ensaios ou preparativos dunha actividade cando a súa finalidade non sexa a realización pública nestas dependencias.

Cuarto.- No suposto de que exista unha concorrencia de solicitudes para a mesma data e non sexa posible resolvela daccordo co orden de preferencia establecido anteriormente, se atenderá ao orde de presentación da mesma no Rexistro Xeral.

SIXTA.- DURACIÓN DA CESIÓN DE USO.

O Concello de Vigo definirá o tempo de cesión, dende o momento da dispoñibilidade do local para comezar os preparativos ou montaxe das actividades ata a fin do desmonte.

SÉTIMA.- ACCESO DO PÚBLICO ÁS ACTIVIDADES.

As actividades que se realicen terán que ser públicas, en calquera das súas modalidades:

- a) Entrada libre ata completar a capacidade,*
- b) Entrada con invitación ou inscrición gratuíta previa,*
- c) Con pagamento de entrada. (Modalidade de carácter excepcional, que deberá estar debidamente xustificada polo organizador e autorizada posteriormente polo Concelleiro de Patrimonio).*

Na modalidade de invitación o organizador informará á Concellería de Patrimonio sobre os detalles da distribución ou de acceso do público; na modalidade de inscrición previa informarse sobre o lugar e os horarios de realización.

A modalidade de acceso con pagamento de entrada ou matrícula, solo admitirase para actos de carácter benéfico, debendo a organización cumprir coas seguintes condicións:

- Detallar na súa solicitude de cesión do local, os prezos das entradas ou matriculas, sinalando o lugar, horario e/o sistema, para súa adquisición.*
- Presentar unha memoria xustificativa do carácter e fins benéficos da actuación programada, na que se faga constar expresamente que non xerará ningunha excedente entre os ingresos e gastos, destinando a cantidade recaudada a causa benéfica que promova.*
- Expoñer os prezos das entradas no local das actividades e no de venda, dende as 9,00 horas do día de funcionamento do despacho de billetes. Facilitaralle aos usuarios, un billete ou recibo do pagamento, de acordo coa normativa legal de aplicación.*

NOVENA.- PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES.

- 1) Os organizadores asumirán integramente a produción de material gráfico para a difusión do evento a realizar. O material de difusión que editen os organizadores das actividades indicará no lugar e tamaño adecuado a participación do Concello de Vigo e do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", incluíndo os logotipos de ambos e as lendas que se acorden. O material editado terá que contar coa conformidade previa da Concellería de Xestión Municipal.
- 2) A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividades será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Cultura, Festas e Museos acordará cal será a lingua empregada para a difusión noutros ámbitos. En todo caso, actuarase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo (BOE 17 de maio de 1989).
- 3) A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolda de prensa, difusión de noticias, informacións...) deberá estar previamente acordada coa Concellería de Xestión Municipal.
- 4) Os organizadores da actividade facilitarán á Concellería de Xestión Municipal toda a información da actividade a desenvolver nos formatos axeitados, co fin de anuncia-la en todos os soportes municipais (web, 010, vigocultura...)

DÉCIMA.- PERSOAL MÍNIMO OBRIGATORIO, PERSOAL TÉCNICO E DOTACIÓN TÉCNICA DAS INSTALACIÓNS.

O desenvolvemento de calquera actividade ou evento nas instalacións do Auditorio Mar de Vigo debera cumprir coa Norma Básica de Autoprotección establecida na lexislación vixente, dispoñendo ó efecto dun Plan de Autoprotección e/o Normas de actuación en caso de emerxencia, segundo proceda.

Os organizadores do evento comunicaranlle a Concellería de Seguridade os datos do persoal técnico contratado para a produción das actividades, que terá que seguir as instrucións do Xefe de emerxencias/intervención/sala sobre a utilización das dependencias, e terá que controlar o cumprimento do estipulado no Plan de Autoprotección.

Os espazos obxecto da cesión non dispoñen de equipamento escénico polo que todos os gastos relativos á produción técnica (equipos de luces, son, proxección, dvd, etc) dos espectáculos ou eventos serán por conta do solicitante.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES.

Os organizadores das actividades autorizadas quedan obrigados a:

1. Respetar o aforo máximo do local, e abstéñense da venda de entradas ou abonos nun número que o sobrepase.
2. Devolver as dependencias e equipamentos cedidos nas mesmas condicións nas que lle foran entregados polo que velarán polo seu coidado e uso adecuado, asumindo igualmente os custes de luz, limpeza, vixilancia, e demais gastos ou consumos nos servizos, que resulten do uso das dependencias no desenvolvemento da actividade autorizada.
3. Responsabilizarse fronte a calquera dano real ou presunto que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programas, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza



Concello de Vigo

antes do inicio da actividade. A entidade terá que asumir ademais toda a responsabilidade da actividade organizada (contratos laborais ou de outra índole, calidade artística e técnica, obrigas tributarias e de seguridade social, solicitar os permisos correspondentes, cargas e descargas, instalación de elementos de publicidade e sinalización...).

4. Iniciar as actividades, puntualmente, á hora anunciada ao público.

5. Asumir os gastos e pagamentos relativos á dereitos de autor derivados da programación.

6. Que todas as actividades que se realicen sexan de carácter público en calquera das súas modalidades: a) entrada libre ata completar aforo; b) entrada con invitación ou inscrición previa de balde; c) entrada previo pago do billete de entrada (excepcional).

7. A entidade comunicará á Concellería de Patrimonio os cambios na programación prevista ou as incidencias que se produzan no desenvolvemento das actividades, no momento no que se produzan ou no primeiro día hábil. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión do espazo poderá dar lugar á modificación ou cancelación da resolución da concesión.

8. No caso de que accedan ao centro grupos de menores de idade ou grupos de persoas con minusvalía psíquica que impida o entendemento das ordes de evacuación, deberán ser acompañados por unha persoa no ratio establecido na normativa vixente.

9. No caso de que accedan ao centro grupos de persoas que teñan comprometida de forma provisional ou definitiva a súa mobilidade, deberán estar acompañados dunha persoa que colabore na súa evacuación, no caso de ser necesario.

10. A someter a súa actuación os termos e condicións previstos no Regulamento de Servizos do Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo", aprobado por acordo do Pleno Municipal de data 21.10.2011, e o cumprimento das obrigas que como organizador establececese no mesmo.

11. Dispoñer da correspondente declaración responsable, licencia municipal ou autorización administrativa que resulte necesaria para a realización da actividade programada.

12. Dar cumprimento ao disposto na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais, Normas Básicas de Autoprotección, e Concertos Públicos e actividades recreativas. Adoptar as medidas de autoprotección esixidas e o mantemento dos medios persoais e materiais necesarios para afrontar situacións de risco e emerxencias, asumindo os custes da contratación do persoal mínimo esixido no Plan de Autoprotección e/o Normas de actuación en caso de emerxencia a implantar durante o evento en función do espazo e o tempo autorizado, consonte o sinalado na base décima.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESPONSABILIDADE DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES.

Os organizadores das actividades terán que asumir toda a responsabilidade do seu desenvolvemento, montaxe e desmonte, diante do Concello de Vigo e de terceiros, así como a custodia e vixilancia do seu material e equipamento depositado nas instalacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- COÑECEMENTO DAS BASES.

A solicitude da cesión de uso de balde dos espazos presupón que as persoas solicitantes e organizadores coñecen e aceptan as bases para utilización de balde do Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo", así como o Réxime de Funcionamento do Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo" aprobado por acordo do Pleno Municipal de data 21.10.2011.

DÉCIMO CUARTA.- XESTIÓN DA AUTORIZACIÓN E OUTORGAMENTO.

Presentada a solicitude de cesión de uso de balde do Auditorio - Pazo de Congresos "Mar de Vigo" nos termos regulados na base cuarta, e remediada ou completada esta, de se lo caso, a Concellería de Patrimonio comprobará a dispoñibilidade do espazo solicitado nas datas propostas, e de ser viable, dará traslado da solicitude e documentación presentada á Concellería delegada da Area que corresponda, en función do obxecto da actividade programada (sociocultural, educativo, benéfico, etc) para informe sobre se a mesma resulta de interese público/municipal, e/o complementa a programación sociocultural do Concello.

Solicitarase así mesmo á Concellería de Seguridade informe sobre a adecuación da actividade ou evento proposto, as normas de autoprotección do Auditorio - Pazo de Congresos "Mar de Vigo" e, no seu caso, documentación a achegar e/o condicións a cumprir polo solicitante en materia de seguridade.

Corresponde á Concellería de Patrimonio resolver sobre a solicitude de cesión formulada, de acordo coas presentes bases e os informes emitidos, debéndose entender denegada a autorización se transcorrido 3 meses dende a presentación da solicitude, non se adoptou resolución expresa.

A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíble a terceiros, nin susceptible da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún, e outorgarase sen prexuízo das demais autorizacións ou licencias que para o desenvolvemento da actividade se requira d'acordo normativa vixente en materia de concertos públicos e actividades recreativas.

DÉCIMO QUINTA.- COMUNICACIÓN A SOCIEDADE XESTORA.

A autorización da cesión gratuita comunicarse a sociedade xestora do Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo". (Na actualidade, Organización de Ideas de Éxito, SL).

Unha vez outorgada a autorización, a cesionaria deberá aportar a sociedade xestora os datos sinalados no Cap. IV do Réxime de Funcionamento do Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo" para a organización do evento, respectando en todo momento as instrucións e directrices que poida esta ditar en relación o funcionamento do Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo".

DECIMO SEXTA.-RESERVA DE USO PREFERENTE POLO CONCELLO

O Concello reservase o dereito ó uso preferente dos devanditos espazos, tendo a facultade da revogación unilateral da autorización, en calquera momento e cun aviso dun mes, cando por razóns de interese público resulte necesario o espazo cedido para a organización dun evento municipal, e sen que se xere dereito indemnización ningunha a favor da cesionaria polo devandito acto.

As unidades e servizos municipais, para o desenvolvemento das súas actividades, axustaranse as presentes bases, debendo informar á Concellería de Patrimonio dos eventos programados coa suficiente antelación para dar cumprimento o prazo de reserva de 6 meses co que deba comunicarse a sociedade xestora do Auditorio - Pazo de Congresos "Mar de Vigo". Sen prexuízo dese deber de información, a unidade ou servizo organizador de cada evento procederá ó inicio do correspondente expediente, a solicitar da Concellería de Patrimonio, con carácter preceptivo e vinculante, a confirmación da dispoñibilidade do espazo nas datas previstas.



Concello de Vigo

DECIMO SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN, INCIDENCIAS E VIXENCIA DAS BASES.

A Concellería de Patrimonio queda facultada para interpretar e desenvolver as presentes bases, así como para resolver as incidencias que se poidan presentar; sen prexuízo das competencias dos restantes órganos de goberno do Concello.

As Bases entraran en vigor na data da súa publicación na paxina web do Concello de Vigo.

**SOLICITUDE DE CESION DE USO GRATUITO DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS
" MAR DE VIGO "**

Denominación da entidade solicitante ou persoa solicitante:

Enderezo	Localidade e CP
----------	-----------------

CIF ou NIF.....	Teléfono e Fax correo electrónico..... teléfono móbil
-----------------	---

ESPAZO SOLICITADO: ^ Sala principal (auditorio). ^ Salas polivalentes (congresos). * Recoméndase consultar nas bases o aforo correspondente ao espazo solicitado.	^ Sala secundaria (situada na prata da cuberta) ^ Hall
---	---

SOLICITA: autorización para a utilización de balde do Auditorio-Pazo de congresos "Mar de Vigo" coa finalidade de desenvolver a/as actividade/s nos días e horas que se citan a continuación, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local

Denominación e resumo da actividade:

-DATA/S solicitadas: -HORARIO/S: - Montaxes ou ensaios (para cada un dos días solicitados): - Apertura de portas:Comezo: - Despacho de billetes:Desmonte:

–MODALIDADE DE ACCESO DO PÚBLICO (marcar a opción elixida):

- ^ entrada libre ata completar a capacidade; ^ entrada con invitación ou inscrición previa;
^ con pagamento de entrada (modalidade de acceso de carácter excepcional)*.

*** Achegase a memoria xustificativa prevista na base Cuarta.**

–Responsable/s de contacto da organización e ou técnico/s de contacto (nome e apelidos, teléfono/s):

–Necesidades técnicas

* Os espazos obxecto da cesión de uso gratuito non dispoñen de equipamento escénico polo que todos os gastos relativos á produción técnica (equipos de luces, son, proxección, dvd, etc) dos espectáculos ou eventos serán por conta do solicitante.

Vigo,, de de 20....

SINATURA

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO.

10(1144).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA ÁREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MÁQUINA DE CLIMATIZACIÓN”. EXPTE. 275/441.

Visto o informe de fiscalización de data 30/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” (275-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” (275-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO



Concello de Vigo

TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN redactado polo Arquitecto Técnico D. Carlos Urdampilleta Barreiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (490.285,89 EUROS) de data febreiro de 2019 e con sinatura dixital de data 13.02.2019.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17.10.2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS" (490.285,89 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 85.090,94 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria "9330.632.00.00" (Investimentos de mellora no patrimonio municipal), de acordo coas seguintes anualidades:

2019: 340.285,89 euros

2020: 150.000,00 euros

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de decembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 19 de decembro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización" (275-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	94,99
2	PRACE	94,18

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 26 de decembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 e 20 de decembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

1. *“Tomar razón da exclusión de IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 19 de decembro de 2019.*
2. *Adxudicar a ORECO, S.A. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” (275-441) por un prezo total de 390.118,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.706,45 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez